



P.E.C.

**CPI "VIRXE DOS REMEDIOS"
CASTRO CALDELAS**

INDICE

	<i>Páx.</i>
0. Introducción	2
1. Adecuación dos obxectivos xerais de etapa	6
2. Decisións de carácter xeral sobre metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave	7
3. Proxecto lingüístico	9
4. Educación en valores	13
5. Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado	14
6. Liñas xerais de atención á diversidade.....	21
7. Plans específicos para o alumnado repetidor.....	22
8. Proxecto lector e dinamización da biblioteca.....	23
9. Plan de integración das TICs.....	28
10. Plan de convivencia	35
11. Plan de orientación e acción tutorial	36
12. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes....	38
13. Normas de Organización e Funcionamento.....	40

INTRODUCCIÓN: CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

0.1.- UBICACIÓN

O C.P.I. “Virxe dos Remedios” de Castro Caldelas leva funcionando aproximadamente uns 30 anos. É un centro público froito da Lei Xeral de Educación.

Imparte os niveis educativos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Na actualidade temos uns 125 alumnos.

Este colexio esta situado no corazón da Comarca de Tera de Caldelas e recibe nenos dos municipios colindantes: San Xoan de Río, A Teixeira, Parada do Sil, Montederramo e Chandrexa de Queixa.

Os lindes xeográficos da comarca veñen ben definidos pola topografía, así limita polo norte: o río Sil e a Serra da Moa; ó sur San Mamede; ó Este o río Navea e ó Oeste o Alto do Rodicio.

A comarca de Terra de Caldelas agrupa catro concellos con unha superficie de 313,25 Km² e ten unha poboación de 4.203 habitantes.

É unha comarca eminentemente rural e centra a súa economía no sector agropecuario; existe unha importante cabana de gando vacún, caprino, lanar e porcino. Os terreos de cultivo varían segundo a altitude, tendo montes, nas ladeiras pastizais, nas altiplanicies terreos de cultivo e nos vales destacamos o importante cultivo da vide que ten recoñecida a denominación de orixe Ribeira Sacra.

O Concello de Castro Caldelas ocupa unha superficie de 87,6 Km² agrupando a 16 parroquias. Ten unha poboación aproximada de 1.629 habitantes.

O Concello da Teixeira ten unha extensión de 28 Km². Consta de 8 parroquias e 26 núcleos de poboación con aproximadamente 505 habitantes

O Concello de Parada do Sil ten unha extensión de 63 Km² con 9 parroquias, 64 núcleos de poboación e 729 habitantes.

O Concello de San Xoán de Río ten unha superficie de 62 Km² con 9 parroquias e 54 núcleos de poboación, e unha poboación de 795 habitantes.

O Concello de Montederramo ten 136 Km² distribuido en 12 parroquias e 1.039 habitantes.

O concello de Chandrexa de Queixa ten 72,7 Km² distribuido en 18 parroquias e 700 habitantes.

Todos estes concellos aportan na actualidade alumnos ó C.P.I.

0.2.- POBOACIÓN

Os datos que aportamos refírense ó concello de Castro Caldelas.


No censo do ano 2008 aparecen un total de 1.629 habitantes, dos cales 820 son homes e 809 mulleres.

Segundo os grupos de idades, a maior cantidade de poboación aparece entre os 70 e 79 anos, o cal quere dicir, que o crecemento vexetativo é moi baixo e evidencia unha tendencia ó envellecemento demográfico.

Segundo a actividade económica é o sector servicios o que aporta a maior cantidade de ocupacións seguido da agricultura.

Segundo a súa profesión agrúpase entorno ós traballadores cualificados da agricultura e os traballadores cualificados da construción .

Cadro da distribución da poboación segundo a idade.



0.3.- ECONOMÍA

0.3.1.- Recursos agrarios.-

A agricultura é unha importante fonte de recursos económicos. O gando vacún de raza caldelá é de excelente adaptación á zona e moi apreciada pola súa carne. Tamén existe unha importante cabana de gando como xa dixemos anteriormente. Este sector agrupa un total de 149 persoas, das cales 78 son homes e 71 son mulleres.

As explotacións agrarias son minifundistas, son as de maior tamaño as que se adican ós pastizais. É de salientar a importancia da explotación forestal que ten moitos bosques repoboados, a recolección da castaña nos soutos da Ribeira do Sil, o mel e o cultivo da vide que nos últimos anos estase revalorizando debido á plantación de vides autóctonas e no coidado dos caldos que dá lugar á denominación de orixe Ribeira Sacra.

0.3.2.- Producción Industrial.-

A poboación ocupada na industria é moi escasa, só 75 persoas, o que nos dá a idea da pouca importancia deste sector na poboación.

0.3.3.- Comercio e Turismo.-

O sector do comercio agrupa a un total de 57 persoas. Son comercios levados sobre todo familiarmente. En xeral necesitarían modernizarse e ter máis variedade de produtos xa que a capital da provincia convértese no referente comercial.

É de salientar a importancia do turismo na zona, ofertando varias casas de Turismo Rural que atraen a un turismo sensibilizado co entorno natural e artístico da comarca, ademais pode axudar á revitalización económica da zona. En canto ó transporte dicir que hai un servizo regular de viaxeiros a Ourense, Trives e Monforte.

As feiras neste pobo teñen lugar os días 3 e 18 de cada mes, agás a que se realiza cando as festas patronais de Castro Caldelas (8 de Setembro) na honra da Virxe dos Remedios, teñen pouca importancia económica pero son un importante foco de relación social.

0.4.- O Medio Ambiente.-

0.4.1.- O Clima.-

O clima da comarca de Caldelas é de montaña dentro do oceánico, con invernos frescos e veráns suaves, hai que ter en conta que está nunha altitude aproximada de 800 m. Este clima condiciona o normal funcionamento do centro posto que impide ás veces a realización de actividades.

0.4.2.- Os Ríos.-

Os ríos nesta comarca rodeana: O Bibeí, O Sil, O Mao, O Caldelas. Son ríos que crean unha importante riqueza económica por producir enerxía hidráulica que proporciona o sustento económico da zona. Nas súas beiras, os ríos, proporcionan unha grande riqueza etnográfica e arquitectónica.

0.4.3.- A Vexetación.-

A vexetación varía de acordo coa altitude. Na alta montaña temos especies coma toxos, xestas, matorrais, etc. Nas zonas altas dos montes hai repoboacións forestais. Nas zonas de media ladeira aparecen pastizais, nas altiplanicies adócanse a terreos de cultivo, sobre todo a cereais, millo, hortalizas e leguminosas.

Nos vales é importante destacar o cultivo da vide que se realiza en bancais que dan lugar á denominación de orixe Ribeira Sacra.

De grande importancia son os bosques de castiñeiros que cobren as ladeiras abrigadas da comarca, sendo a castaña un froito que proporciona un grande aporte económico á unidade familiar.

1

Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro

Os obxectivos xerais de Educación Primaria veñen recollidos no artigo 3 do decreto 105/2014, e os de Educación Secundaria Obrigatoria, no artigo 10 do decreto 86/2015. Tendo presentes estes obxectivos e dadas as características do noso centro, debemos:

- Potenciar que o alumnado, dun xeito progresivo, asuma responsabilidades na súa propia educación e adquira hábitos de estudo.
- Acadar o nivel académico axeitado ao final de cada curso ou etapa; especialmente no referente aos contidos instrumentais necesarios para para afrontar con éxito outras materias.
- Intervir no momento en que algún/a alumno/a presente dificultades de aprendizaxe, evitando que vaia acumulando estes problemas ano tras ano.
- Promover o enriquecemento cultural do alumnado, valorando tamén as tradicións do seu entorno.
- Potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso educativo.
- Fomentar o interese pola lectura a través do uso da biblioteca, club de lectura, proxecto lector ...
- Mellorar o clima de convivencia.
- Promover hábitos de respecto ás instalacións do centro, mobiliario e material educativo, como expresión da valoración do común.
- Conculcar no alumnado o espírito crítico ante a realidade que lles rodea.
- Estimular un clima de respecto á diversidade de todo tipo, facendo fincapé na tolerancia e o dereito ás diferenzas.

2

Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave.

Hai sete **competencias clave** que os alumnos/as deben desenvolver ao longo da etapa educativa obligatoria, e son:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Como xa quedou expresado no punto anterior, a finalidade primordial das dúas etapas educativas é o desenvolvemento das competencias que lles permitan acadar os obxectivos de cada etapa. Polo tanto, e á vista dos propios obxectivos a acadar, a metodoloxía ha de ser de tipo instrumental e interdisciplinar, máis enfocada á experimentación que á memorística; xa que, segundo se desprende do informe PISA, o que se persigue é a posta en práctica de todo o aprendido. Haberá, entón, que atender á parte práctica e extrapolable fora da aula de aquilo que aprenden.

As competencias clave estarán asociadas aos obxectivos de cada materia cuns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe determinados en cada unha das programacións, de tal modo que ao avaliar a materia queden tamén avaliadas as competencias asociadas.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

NIVEIS OU GRAOS DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

Establécense cinco niveis de cualificación:

- Nivel 5: MOI BO. O alumno/a acadou sobradamente a competencia avaliada inclusive por enriba do seu nivel.
- Nivel 4: BO. O alumno/a desenvolveu satisfactoriamente a dimensión da competencia avaliada. Indica que alcanzou a competencia no grao que lle corresponde ao curso no que se atopa.
As dimensións e elementos da competencia propostos foron acadados polo alumno cun nivel axeitado.
- Nivel 3: SUFICIENTE. O alumno/a acada o nivel mínimo no grao de desenvolvemento da dimensión da competencia, pero debería superar as súas deficiencias nalgúns dos elementos co proceso normal de ciclo ou curso.
Algúns dos elementos das dimensións da competencia cualificada non os ten acadados ao nivel que lle correspondería, pero tense constatado unha progresión.
- Nivel 2: BAIXO. O alumno/a non acadou o grao de desenvolvemento das dimensións da competencia e ten dificultades para progresar na súa adquisición.
O progreso é bastante lento e probablemente necesita medidas específicas de apoio.
Algúns elementos das dimensións e mesmo algunha das dimensións da competencia tenos acadado.
- Nivel 1: MOI BAIXO. O alumno/a presenta moitas dificultades na competencia avaliada e o seu progreso é moi lento ou inexistente. O alumno/a necesita medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular.

CUALIFICACIÓN GLOBAL DE CADA COMPETENCIA

Obterase a cualificación global de cada competencia a partir das cualificacións obtidas en cada área ou materia:

- Nivel 1 se a media resulta menor de 1,5.
- Nivel 2 se a media resultante é igual ou maior que 1,5 e menor que 2,5.
- Nivel 3 se a media resultante é igual ou maior que 2,5 e menor que 3,5.
- Nivel 4 se a media resultante é igual ou maior que 3,5 e menor que 4,5.
- Nivel 5 se a media resultante é maior que 4,5.

No informe individual de avaliación aparecerá a cualificación global de cada competencia coa nomenclatura acordada, é dicir: MOI BAIXO, BAIXO, SUFICIENTE, BO e MOI BO.

3

Proxecto Lingüístico

O C.P.I Virxe dos Remedios está composto de dous edificios independentes completamente e integrados no mesmo recinto escolar. No edificio “de arriba” atópanse dúas aulas de Infantil e catro de Primaria. No edificio “de abaixo” está a ESO con catro grupos. Esta división multiplica os gastos por dous e complica moito a socialización entre o alumnado e o traballo do Equipo de dinamización da lingua galega, xa que moitas actividades son colectivas pero outras non por horarios e disposicións de locais.

3.1.- MARCO LEGAL OU REFERENTES LEGAIS

De maior a menor rango temos:

- Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo Goberno de España no ano 2001.
- A Constitución Española de 1978: Art. 3.1 e 3.2.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia : Art. 5
- Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de setembro de 2004.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Aínda que o obxectivo final ao que debemos cegar segundo a lexislación vixente sobre o uso das linguas no ensino é para todos igual: *conseguir que o alumnado, ó remate das sucesivas etapas educativas, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.* Nembargantes cada centro ten as súas peculiaridades e características ás cales debe adaptar o seu *Proxecto Lingüístico* para que sexa realista, partindo duna implicación de todos os sectores da comunidade educativa.

A realidade practicamente monolingüe da comunidade esíxenos darlle predominancia ao galego como lingua vehicular. Pero tampouco podemos esquecer que pertencemos a unha comunidade máis ampla de carácter bilingüe e que debemos promover o acceso aos alumnos/as á outra lingua oficial: o castelán.

Unha vez asegurado o manexo adecuado das linguas oficiais, escollemos como lingua do ensino preferente o galego, por ser a que é de uso practicamente unánime na comunidade, polo que este Proxecto pretende, basicamente lograr unha mellora cualitativa do Galego: mellora de consideración e de uso.

Así, baseándonos no Decreto 79/2010, escolleremos para cada curso as materias correspondentes en cada lingua oficial para mellorar o uso e costume.

3.2.- OBXECTIVOS

Tendo en conta os principios e liña metodolóxica establecidos no PEC, e unha vez vistos os resultados das actuacións de anos anteriores e seguindo o Decreto 79/2010; propómonos os seguintes obxectivos lingüísticos:

- Dar a coñecer e analizar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Facer unha enquisa aos pais/nais ou titores, en Educación Infantil, para obter información sobre a lingua materna predominante para impartir os contidos.
- Velar para que o Galego siga sendo a lingua de uso e relación a tódolos niveis do centro educativo.
- Procurar aumentar a competencia lingüística de tódolos membros da comunidade educativa, recordando que certas características son aceptables na fala pero non son normativas e, polo tanto non deben ser usadas na escrita.
- Potenciar unha valoración positiva e non diglósica da lingua.
- Renovar, dende cada departamento, a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso correcto oral a través dunha oferta de materiais didácticos en soportes diversos.
- Colaborar e supervisar a documentación existente en galego nos diferentes departamentos para unha renovación continua, aportando fondos variados e de calidade.
- Potenciar a colaboración entre departamentos didácticos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nas actividades programadas dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Valorar e potenciar a cultura popular, celebrando as máis significativas festas da nosa terra (Vendima, Magosto, Esfolla, Matanza, Nadal, Fachós, Entroido, Maios, Letras Galegas, etc.)
- Utilizar o taboleiro de Dinamización Lingüística para transmitir informacións, motivar e animar no correcto uso da Lingua galega.
- Cumprir total e absolutamente a normativa vixente, superando os mínimos, respecto ás áreas que se deben impartir en lingua galega.
- Empregar enciclopedias, textos de diversas editoriais, dicionarios específicos, e todo tipo de material bibliográfico para investigar e realizar actividades.
- Insistir nas campañas de animación á lectura. Indagar sobre os temas a tratar en cada época. Contacontos. Visita de autores. Participación na Feiras Culturais. Colaboración coas actividades dos Concellos colindantes, etc.
- Promover o coñecemento da figura e obra do autor/a homenaxeado/a nas Letras Galegas de 2011.
- Promover a utilización do teatro no Centro para que ademais de aprender a desinhibirse, expresarse, controlar emocións, integrarse... poidan vivir a lingua.

3.3.- ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS NO CENTRO

Entendemos por tales aquelas medidas ou actividades encamiñadas a facer presente a lingua galega na vida do centro dende todos os medios posibles:

1. Redacción do Proxecto de Fomento do uso da Lingua Galega para obter axudas económicas.
 2. Cumprimento da normativa de uso das dúas linguas oficiais nas aulas.
 - Confección de programacións, proxectos e normativas en lingua galega.
 - Continuar co uso da lingua oral e escrita, en claustros, reunións, celebracións, comunicados, programa de festas, circulares, boletíns de notas, actas, etc.
 - Fomentar a elaboración de material didáctico específico naquelas áreas onde se detecten máis carencias.
 - Conseguir unha mellora na comunidade educativa das actitudes cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo.
 - Fomentar o uso do galego nas novas tecnoloxías, sobre todo Internet e na telefonía móbil.
 3. Redación e creación do xornal “O Irrio”
 4. Celebración, conmemoración ou estudio (ditos, costumes, recetas, cantigas...) de:
 - Rasgos característicos da natureza da zona (Xornadas micolóxicas, Castaña..)
 - Festas tradicionais da zona (Fachós, Entroido...)
 - Actividades propias da terra (Vendima, Matanza...)
- Apoio ás propostas (certames ou concursos) de entidades, asociacións ou persoas que estean dirixidas á consecución de obxectivos acordes coa dinamización lingüística e estudo da cultura.
 - Uso do Galego nos murais, folletos e cartaces producidos para as distintas conmemoracións coma: Día do Libro, Día da Paz...
 - Potenciar os xogos populares e os diversos campionatos na nosa escola (tiro de corda, brilé, carreira de sacos, o pano, etc.)

3.4.- USO DO GALEGO NAS DIFERENTES ÁREAS

- **Educación Infantil:**

A lingua materna predominante é o galego, aínda que se traballa continuamente co castelán para que os rapaces/zas adquiran un coñecemento das linguas oficiais.

- **Educación Primaria:**

- Impartiranse en *galego* as materias de: Lingua Galega, Coñecemento do medio, Relixión e Educación Artística.
- Impartiranse en *castelán*: Lingua Castelá, Matemáticas, Educación para a cidadanía e Educación física.

- **Educación Secundaria Obrigatoria:**

En 1º- 2º e 3º da ESO:

- Impartiranse en *galego* as materias de: Lingua Galega; Ciencias sociais, xeografía e historia; Ciencias da natureza, Bioloxía e xeoloxía; Relixión/Atención educativa; Educación física; Educación para a Cidadanía, e Tutorías.
- Impartiranse en *castelán*: Lingua Castelá; Matemáticas; Tecnoloxías; Física e Química; Plástica; Música e Proxecto interdisciplinar.

En 4º da ESO:

- Impartiranse en *galego* as materias de: Lingua Galega; Ciencias sociais; Bioloxía/Informática; Relixión/Atención educativa; Ética; Educación física; Tutoría.
- Impartiranse en *castelán*: Lingua Castelá; Matemáticas; Tecnoloxías/Música; Física e Química/Cultura Clásica; Latín/Plástica.

3.5.- MEDIOS

A. Humanos:

- Profesorado (menos un) de orixe galega. Todos colaboradores no que faga falta.
- Alumnado participativo en todas as actividades propostas.
- Persoal non docente co cal temos moita colaboración: Administrativa, persoal cociña..
- Pais/nais ou titores tanto da AMPA como os que non están asociados.
- Persoas alleas á comunidade escolar: profesionais diversos, persoas maiores, familiares, ex-alumnos, convidados, persoal do Concello...

B. Materiais:

- Dado que este centro conta coas distintas etapas educativas obrigatorias, existe unha grande variedade de material dispoñible ás necesidades que se presenten. Tamén é certo que canto máis temos que abarcar en idades máis complicado é ter de todo para todos.

C. Económicos:

- A división do centro en dous edificios e tres etapas educativas **multiplica os gastos e non así os ingresos** xa que moitas actividades son colectivas pero outras non por horarios, niveis intelectuais e disposicións de espazos.
- Parten de: Fondos de funcionamento do propio centro e da axuda dada por presentar o “Proxecto de Fomento do uso da Lingua Galega” ao comezo do curso.

4

Incorporación, a través das distintas áreas e materias da educación en valores.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarán en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Se fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

5

Craterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado.

EDUCACIÓN PRIMARIA	E.S.O.
<p style="text-align: center;">AVALIACIÓN</p> <p>1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles que figuran nos anexos I, II e III do decreto 105/2014.</p> <p>2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.</p> <p>3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</p> <p>4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.</p> <p>5. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeles, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.</p>	<p style="text-align: center;">AVALIACIÓN</p> <p>1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do decreto 86/2015.</p> <p>2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.</p> <p>3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.</p> <p>4. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.</p> <p>5. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción.</p>

<p>6. Ao comezo de cada curso e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior correspondentes ao seu alumnado e completaráse coa información obtida das familias.</p> <p>7. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.</p> <p>8. Ao longo de cada un dos cursos realizaranse para cada grupo de alumnos e alumnas, polo menos, tres sesións de avaliación que serán presididas pola persoa titora, que recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións nas distintas áreas, o grao de desenvolvemento das competencias clave e as decisións e os acordos acadados, tanto referidas ao grupo como a cada alumna e alumno.</p> <p>9. Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais e que curse as ensinanzas correspondentes á educación primaria con adaptacións curriculares significativas, os criterios de avaliación establecidos nelas serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción.</p> <p>10. Finalizada cada unha das sesións de avaliación, as nais/pais ou persoas titoras legais do alumnado serán informados dos seus resultados, da evolución académica así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso.</p>	<p>6. Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora.</p> <p>7. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.</p> <p>8. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo, polo menos, tres sesións de avaliación. A persoa titora recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións das distintas materias, o grao de desenvolvemento das competencias clave, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno e ao grupo no seu conxunto. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se fose o caso. A última destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.</p> <p>Nos primeiros días do mes de setembro terá lugar unha sesión de avaliación, tras a realización das probas extraordinarias, para o alumnado que non superase todas as materias na avaliación final ordinaria. Cando un alumno ou alumna non se presente á proba extraordinaria dunha materia, nos documentos de avaliación farase constar «non presentado» (NP)</p>
--	--

11. Será competencia da persoa titora proporcionar esta información, así como a de establecer canles de comunicación coas familias do alumnado.

Avaliación en 3º curso.

O centro realizará unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Avaliación en 6º curso

Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles que figuran nos anexos I, II e III do decreto 105/2014.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte

9. Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria con adaptacións curriculares significativas, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

10. Finalizada cada unha das sesións de avaliación, o alumnado e as nais/pais ou persoas titoras legais serán informados dos seus resultados, da evolución académica así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso.

11. Será competencia da persoa titora proporcionar esta información, coa colaboración do profesorado que imparta docencia no seu grupo, así como a de establecer canles de comunicación coas familias do alumnado.

Avaliación final de 4º curso.

1. Ao finalizar o cuarto curso, os alumnos e as alumnas realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, na que se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:

- a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de materias troncais, agás Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química, das que o/a alumno/a será avaliado/a se as escolle entre as materias de opción, segundo se indica no parágrafo seguinte.
- b) Dúas das materias de opción cursadas no bloque de materias troncais, en cuarto curso.
- c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física nin Relixión ou Valores Éticos.

2. Poderán presentarse a esta avaliación os alumnos e as alumnas que obtivesen ou ben avaliación positiva en todas as materias ou ben negativa nun máximo de dúas materias,

<p>curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.</p>	<p>sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. Para estes efectos:</p> <p>a) Só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna deben cursar en cada un dos bloques.</p> <p>b) No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os/as devanditos/as alumnos/as poidan cursar máis materias do referido bloque.</p> <p>c) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.</p> <p>3. A materia de Lingua Galega e Literatura terase en conta para o cálculo da nota obtida nas devanditas avaliacións finais na mesma proporción que a materia de Lingua Castelá e Literatura. Terán exención da realización destas probas os alumnos e as alumnas que estean exentos/as de cursar ou de ser avaliados/as da materia Lingua Galega e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.</p> <p>4. A superación desta avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.</p> <p>5. Os alumnos e as alumnas poderán realizar a avaliación por calquera das dúas opcións de ensinanzas académicas ou de ensinanzas aplicadas, con independencia da opción cursada en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, ou por ambas as opcións na mesma convocatoria. No caso de que realicen a avaliación por unha opción non cursada, serán avaliados/as das materias requiridas para superar a avaliación final pola devandita opción que non tivesen superadas, elixidas polo/pola propio/a alumno/a dentro do bloque de materias troncais.</p> <p>6. Os alumnos e as alumnas que non superasen a avaliación pola opción escollida ou que desexen elevar a súa cualificación</p>
--	---

<p>PROMOCIÓN</p> <p>12. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.</p> <p>Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.</p> <p>13. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>14. O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.</p> <p>A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	<p>final de educación secundaria obrigatoria poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, logo de solicitalo. Os alumnos e as alumnas que superasen esta avaliación por unha opción poderán presentarse de novo á avaliación pola outra opción se o desexan e, de non superala en primeira convocatoria, poderán repetila en convocatorias sucesivas, logo de solicitalo. Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias que o alumno ou a alumna superen.</p> <p>Non será necesario que se avalíe de novo o alumnado que se presente en segunda ou sucesivas convocatorias das materias que xa teña superadas, salvo que desexe elevar a súa cualificación final.</p> <p>PROMOCIÓN</p> <p>12. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>13. O alumnado terá promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.</p> <p>De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:</p> <p>a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.</p> <p>b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que</p>
--	--

<p>15. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, nos termos previstos no artigo 16.6º do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma galega, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.</p>	<p>a promoción beneficiará a súa evolución educativa.</p> <p>c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.</p> <p>Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.</p> <p>As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.</p> <p>14. O alumnado que non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.</p> <p>A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico persoalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. O centro organizará este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.</p> <p>15. Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á</p>
--	---

<p>-PROMOCIÓN Á EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.</p> <p>16. O alumnado promocionará á etapa de educación secundaria obrigatoria se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos da educación primaria e un adecuado grao de madurez.</p> <p>17. Accederase igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no informe persoal, precisará as dificultades presentadas e os obxectivos da etapa non logrados, así como as medidas adoptadas ata ese momento a fin de que no primeiro curso de ESO se poidan establecer as medidas necesarias de reforzo.</p>	<p>nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifique a proposta. Se se considera necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.</p> <p>O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.</p> <p>-TITULACIÓN.</p> <p>16. Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá a superación da avaliación final, así como unha cualificación final desta etapa igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final da educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:</p> <p>a) Cun peso do 70 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.</p> <p>b) Cun peso do 30 %, a nota obtida na avaliación final da educación secundaria obrigatoria.</p> <p>17. No título deberá constar a opción ou as opcións polas que se realizou a avaliación final, así como a cualificación final da educación secundaria obrigatoria.</p> <p>18. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria permitirá acceder ás ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de acordo cos requisitos que se establecen para cada ensinanza.</p>
--	---

6

Liñas xerais de atención á diversidade.

A LOMCE e as disposicións que a desenvolven ofrecen distintos modos de Atención á Diversidade:

6.1.-Medidas Curriculares:

1. **Acción titorial:** A través da acción titorial séguese o proceso educativo dos alumnos.
2. **Medidas Individuais de adaptación do Currículo:** Entre elas podemos citar.

* Reforzo Educativo (Dentro e fóra da aula).

*Adaptación Curricular Individualizada.

3. Optatividade:

1º e 2º Cursos da E.S.O.

.- Francés

3º Curso da E.S.O.

.- Francés.

.- Cultura Clásica.

4º Curso da ESO.

.- Cultura clásica

.- Francés.

.- Educación Plástica e Visual.

.- Música.

.- Tecnoloxías da información e da comunicación.

.- Artes escénicas e danza.

.- Cultura científica.

.- Filosofía.

.- Unha materia do bloque de troncais non cursada.

Dada a escasez de alumnado e a imposibilidade de atender a todas as súas peticións de optatividade, habilitaranse varios itinerarios segundo a maioría das preferencias, e descartaranse as minoritarias.

- No caso de crearse un grupo de Diversificación Curricular proporase unha optativa relacionada co entorno socioeconómico da zona.

6.2.- Medidas Organizativas.

1. Agrupamentos específicos para tódolos cursos da E.S.O.
2. Programa de Ciclo adaptado.
3. Programa de Diversificación Curricular.
4. Actividades de recuperación de áreas ou materias de carácter instrumental
5. Apoio das áreas instrumentais fóra do horario escolar do alumno.
6. Estudio asistido fóra do horario.
7. Programas de iniciación profesional.

6.3. Outras medidas.

- Colaboración co Equipo Específico (Funcionando actualmente).
- Colaboración na atención ambulatoria co Centro de Educación Especial “Miño” de Velle de Ourense.
- Colaboración coas unidades de equipamento da Xunta para a dotación de mobiliario adaptado para alumnos con necesidades educativas especiais.

7

Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Unha medida máis de atención á diversidade é a repetición de curso. Esta repetición irá acompañada dun plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas.

Os departamentos didácticos terán esta circunstancia en conta á hora de facer as súas programacións.

8

Proxecto lector de centro e Dinamización da Biblioteca.

8.1. INTRODUCCIÓN

Percibimos no noso centrouna falta de tradición na utilización da biblioteca escolar e a biblioteca de aula, por iso deducimos que non resulta atractiva nin a distribución, nin o mobiliario, nin a decoración e que, aínda que contamos coa dotación de fondos bibliográficos, atópanse dispersos polas distintas dependencias dos centros e nin profesores/as coñecemos realmente o material do que dispomos.

O noso centro ten a particularidade de contar con dúas bibliotecas. Unha no edificio de Primaria e outra no edificio de Secundaria.

O Proxecto Lector é un programa que intenta estimular o interese do alumnado pola lectura. Este interese enténdese non só como parte fundamental da súa aprendizaxe, senón tamén como fonte de entretemento e pracer.

Este plan é flexible, motivador, realista, diversificado, activo e compartido.

Dende o Proxecto de Dinamización da Biblioteca e o Proxecto Lector de centro, garantirase a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade o profesorado de todas e cada unha das áreas e materias, tanto de Educación Primaria como Secundaria, incluimos nas programacións anuais a dedicación dun tempo mínimo diario para a lectura e a realización de actividades de comprensión e fomento de lectura e escritura.

8.2. OBXECTIVOS XERAIS

8.2.1. Respecto ao alumnado.

- Estimular a lectura de ficción de modo progresivo en cada un dos niveis do centro, co ánimo de fomentar o hábito lector.
- Incorporar o fondo bibliográfico do Centro como material de traballo dentro da área de Lingua Galega e da área de Lingua Castelá, e doutras áreas como fondo documental.
- Iniciar e/ou profundizar no uso do libro como fonte de información, de aprendizaxe e de pracer persoal e colectivo.
- Coñecer e respectar as normas que rixen o bo uso dunha biblioteca. Participar na elaboración e aprobación das que rixen o funcionamento da biblioteca de aula.

- Interesarse polo uso adecuado dos libros e do coidado e conservación dos mesmos, así como doutros soportes de información gráfica.
- Fomentar actitudes tolerantes e abertas ante calquera tipo de documento escrito e analizar os contidos discriminatorios que poideran desprenderse da lectura ou interpretación da información gráfica ou escrita.

8.2.2. Respecto ao profesorado.

- Planificar ao principio do curso unha sesión semanal adicada ao grupo clase, para a realización de actividades previstas no desenvolvemento do Proxecto de Biblioteca.
- Planificar e programar co equipo, as actividades de animación á lectura e de biblioteca de aula.
- Executar e avaliar as actividades de animación á lectura e de biblioteca de aula cos equipos de ciclo ou os departamentos didácticos.
- Coordinar co Centro as actividades que dentro deste proxecto se programen a nivel do mesmo e participar dentro delas.

8.3. PROCEDEMENTOS METODOLÓXICOS

Con respecto á consecución dos obxectivos que se propoñen, establécense os procedementos que os equipos de ciclo, titores e xefes de departamento deben desenvolver durante o curso.

8.3.1. Respecto ao alumnado

- Elaboración guiada, no seu caso, de normas de uso da biblioteca de aula, e seguimento destas.
- Mantemento da biblioteca de aula por parte dos reponsables: titor e alumnado.
- Visita á biblioteca do Concello: a súa organización, normas e o seu modo de acceder ao libro.
- Realización de semanas para a exposición, intercambio, préstamo de libros e outras actividades paralelas que xiren en torno ao libro.
- Intercambio de libros.
- Obradoiros de ancadernación e reparación de libros deteriorados.

8.3.2. Respecto ao profesorado

- Organización e elaboración de normas e horarios da biblioteca de centro.
- Organización física de espazos, dentro da aula, destinados á biblioteca de aula.
- Selección de títulos da biblioteca de aula.
- Definición de estratexias para desenvolver técnicas de animación á lectura.
- Actividades de control de lectura do libro prestado.
- Coordinación de actividades de Ciclo e de Departamentos didácticos.
- Criterios para avaliar ao alumnado.
- Organización de campañas.

8.3.3. Selección do fondo bibliográfico

Para seleccionar os libros que pasarán a formar parte do fondo bibliográfico do centro teranse en conta algúns aspectos:

- Libros que poidan ser empregados en diversos niveis, dada a súa calidade de imaxe e selección de contidos.
- Textos adaptados ao nivel e á idade.
- Calidade da imaxe.
- Manexabilidade por peso e formato.
- Fácil acceso ao contido.
- Contido xeral da obra en consonancia coa finalidade educativa do Centro.

Na Educación Infantil e Primeiro ciclo de Primaria, a selección de libros farase, ademais do anteriormente escrito, seguindo os seguintes criterios:

- Libros para coñecer o mundo.
- Libros para que lles sexan lidos por adultos.
- Libros para que os nenos/as manipulen libremente.

8.3.4. Xestión bibliotecaria e melloras

Dada a multifuncionalidade dos espazos adicados ás bibliotecas do Centro, estes poderán ser empregados para a realización de determinadas actividades e sempre que se considere oportuno.

Haberá dúas modalidades de préstamo: o de aula e o de biblioteca. Para a aula, serán responsables os titores de Primaria e os xefes de departamento de Secundaria, os cales se encargarán, dunha parte, de retirar e devolver os libros á biblioteca do Centro e doutra, de levar o rexistro de préstamos de aula. En canto á biblioteca de Centro, o/a responsable dos préstamos será o profesor/a encargado/a de biblioteca nos horarios que se determinen para tal fin.

Para realizar un préstamo, calquera que sexa a súa modalidade, disporase dun rexistro no que se anotarán o nome do alumno, o título do libro, a sinatura, data na que se retira e a data na que se devolve.

O noso programa de mellora da biblioteca escolar pretende:

- Reagrupar os fondos dispersos nas dúas salas de cada edificio (Primaria e Secundaria), catalogalos e informatizalos. Este labor, previa preparación durante varias sesións, levaríanna a cabo todos os mestres e profesores do Centro.

- Acondicionar en cada aula de Primaria o “Rincón de Lectura”, facendo atractivo o lugar co panel literario: carteis, debuxos, traballos, poesías de produción propia, os libros que imos ler, etc..
- Diseñar e realizar as distintas actividades de dinamización, organizar talleres de animación á lectura.
- Organizar a biblioteca seguindo o Proxecto Meiga con todo o trabalo previo que isto implica (forrado e etiquetado de libros).
- Formación do profesorado.

8.3.5. Coordinación

Ao principio de cada trimestre, programaranse nos ciclos e cursos as actividades, establecendo as estratexias e recursos para as executar:

- Cuestionarios alumnado-profesorado.
- Entrevistas alumnado-profesorado.
- Escalas de observación.
- Ficheiros de lectura.
- Exposición comentada de textos lidos.

8.4. AVALIACIÓN

A avaliación realizarase ao final de cada trimestre por parte dos ciclos e os cursos. Ao final de curso tamén se efectuará a avaliación tendo sempre en conta os obxectivos propostos neste proxecto.

Os resultados da avaliación formarán parte da Memoria Final, ao igual que os resultados doutros proxectos.

A avaliación global farase ao amparo da finalidade obxectiva que persegue este proxecto e que vén dada polos seus obxectivos xerais.

8.4.1. Variables a considerar

Os coordinadores/as de cada ciclo realizarán a avaliación global do proxecto. Valorarán os niveis alcanzados polo alumnado, o grao de adecuación das actividades, a eficacia da xestión dos espazos e recursos e a flexibilidade do proxecto para ser redeseñado de modo continuo. Avaliaranse, ademais, outros aspectos:

- Disponibilidade de espazos físicos, recursos e o seu tratamento.
- Emprego eficaz de recursos dispoñibles.
- Xestión dos volumes.
- Nivel de participación nas actividades.
- Actividades que supoñan participación colectiva do Centro.
- Actitude do alumnado e titores cara ao proxecto e ás súas actividades.
- Nivel de aceptación, por parte do alumnado, da selección de textos.
- Actitude do alumnado cara á lectura e ao ambiente creado.

8.4.2. Criterios para avaliar ao alumnado

- a) Consultar, buscar información tomando como fonte a biblioteca de aula ou de centro.
- b) Usar adecuadamente a biblioteca.
- c) Comprender e usar os mecanismos do servicio de préstamo da súa biblioteca de aula e de centro.
- d) Empregar correctamente a biblioteca de aula e de centro nos horarios previstos para iso, ou en momentos nos que se permita.
- e) Ser capaz de expresar, oralmente ou por escrito, opinións sobre cada libro consultado.
- f) Proponer críticas sobre os libros utilizados.
- g) Realizar actividades de clase empregando a biblioteca ce centro como recurso.

8.5. ACTIVIDADES E PROPOSTAS

- Aumentar a formación de profesorado no funcionamento da biblioteca e o proceso de ensinanza-aprendizaxe, avaliar as nosas metodoloxías e modificar as nosas programacións.
- Programar actividades lúdicas para motivar máis ao alumnado: contacontos, cromos, contos clásicos, mascota da biblioteca, decoración, lecturas en voz alta dos alumnos/as.
- Programar actividades de formación de usuarios de biblioteca.
- Utilizar a biblioteca como centro de recursos e aula de traballo programando actividades que a inclúan no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Potenciar o préstamo.
- Continuar aumentando e actualizando os fondos da biblioteca para o que é necesario seguir dotando ao centro dunha cantidade económica que permita dita ampliación.
- Buscar maior implicación de pais/nais.

9

Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O desenvolvemento da competencia dixital non se acaba co simple uso de ferramentas senón que hai que promover o uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

Para poder alcanzar unha boa competencia dixital en educación, as TIC non poden ser introducidas como un fin en si mesmo senón como un medio a través do cal se produza un cambio na metodoloxía no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Dende o curso 2010-2011, o centro forma parte do Proxecto Abalar, o que implica a incorporación das novas tecnoloxías ao sistema educativo en todos os seus ámbitos nos cursos de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de Secundaria. O proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) naceu como proxecto experimental no curso 2014-2015 coa intención de proporcionar aos centros educativos dentro do proxecto Abalar unha proposta integral para facilitar o desenvolvemento de proxectos de educación dixital, mediante a incorporación de materias dixitais en 5º e 6º de primaria e en 1º e 2º da ESO. Unha vez finalizado o carácter experimental do proxecto e consolidado no seu desenvolvemento, cumpría adherirse ao programa para dar un pulo máis efectivo á metodoloxía que xa se viña aplicando co antigo proxecto Abalar.

A incorporación das TIC á educación é xa unha realidade, e móstrase como unha peza fundamental para producir un cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo dunha mellor calidade educativa. En efecto, os recursos dixitais non só fan accesibles os contidos necesarios para o proceso educativo nunha presentación distinta á tradicional, de libro en papel a libro con contido dixital, senón que proporcionan novas oportunidades para un maior desenvolvemento das competencias clave para o alumnado e para o desenvolvemento de novas metodoloxías docentes máis acordes coa transformación educativa en marcha.

9.1.- Medios informáticos**Ordenadores e instalacións**

O colexio dispón dos seguintes espazos e equipamento informáticos:

Edificio de Primaria

- A aula de 5º e 6º ten ordenadores en préstamo para cada alumno e un ordenador portátil para o profesorado do equipamento ABALAR.
- Unha aula de PT con 3 ordenadores conectados en rede e con conexión a Internet a través dunha liña ADSL.
- Dispoñemos dun equipamento móbil cunha T.V. de color, un video e un reprodutor de DVD.
- Biblioteca con 8 ordenadores conectados en rede e con conexión a Internet a través dunha liña ADSL con impresora en branco e negro.
- Sala de profesores con 2 ordenadores con conexión de banda ancha a Internet.

- Fotocopiadora en rede para todo o edificio.
- Punto wi-fi en salón de actos.
- Todas as aulas dispoñen de ordenador, pantalla dixital e puntos de conexión a Internet.
- 3 ordenadores portátiles.
- 2 proxectores.

Edificio de Secundaria

- Unha aula de informática con 11 ordenadores conectados en rede e con conexión a Internet a través dunha liña ADSL e unha impresora en branco e negro, e un encerado dixital.
- A aula de 1º dispón de ordenadores en préstamo para todo o alumnado e un portátil para o profesorado do equipamento E-Dixgal.
- A aula de 2º dispón de netbooks para todo o alumnado e un portátil para o profesorado do equipamento ABALAR.
- Unha biblioteca cun ordenador conectado a Internet con impresora en color e un plotter.
- Nas aulas de 3º e de 4º, 1 ordenador e unha pantalla dixital en cada unha.
- 5 ordenadores portátiles.
- 2 puntos wi-fi (un en cada andar).
- Sala de profesores con 3 ordenadores con conexión a Internet.
- 2 fotocopiadoras en rede para todo o edificio.
- 1 ordenador en Administración con impresora en branco e negro.
- 1 ordenador no departamento de Orientación.
- 1 ordenador en Xefatura de Estudos.
- 1 ordenador en Secretaría.
- 1 ordenador en Dirección.

9.2.- OBXECTIVOS XERAIS

• Obxectivos xerais do Centro en relación ás TIC:

- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte dos alumnos.
- Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans, circulares, normativas, actividades, etc.
- Impulsar a comunicación con outros centros e con outras localidades, a fin de coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras formas de vida e costumes.
- Facilitar a búsqueda de información e o tratamento crítico da mesma, como forma de coñecer o mundo de Internet e as súas posibilidades de acceso á información útil.

• **Obxectivos para os alumnos:**

- Utilizar programas e entornos que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas de contido: Matemáticas, Lingua, Coñecemento do medio, Idiomas e resto de materias, e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos das mesmas.
- Potenciar a súa comunicación con outros compañeiros e compañeiras do seu entorno e de fóra do seu entorno próximo.
- Despertar o interese por coñecer cousas diversas e darlles as pautas para acceder á información precisa. Potenciar o seu razonamento e o seu afán de coñecemento.
- Utilizar o ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/ou colectivo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada un.

• **Obxectivos para o profesorado:**

- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización, de aproveitar a información que delas poida quitar, e para mellorar o plantexamento pedagóxico a través da súa utilización.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controles, fichas, circulares, información ás familias, etc.
- Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursillos de formación, convocatorias...como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en tertulias, debates, chats, a través de Internet.
- Favorecer os foros e o intercambio, pero tamén a participación do profesorado na creación e evolución de páxinas Web, ou páxinas de información e debate do Centro, da Comunidade Educativa, y de dar a coñecer as nosas inquietudes, ideas e alternativas.

9.3.- ORGANIZACIÓN

En xeral, a integración das TIC no currículo levarase a cabo a través de actividades que se desenvolverán en dous entornos diferentes.

1. Aula TIC: Aquelas actividades que esixan un uso o máis personalizado posible do ordenador, levaranse a cabo en aulas dotadas especialmente para tal fin.

O Centro conta na actualidade con dúas aulas, unha en cada edificio, para levar a cabo esta función. A maior parte dos Departamentos Didácticos teñen prevista a utilización deste tipo de recurso.

2. TIC na Aula: Unha gran parte da actividade de ensinanza – aprendizaxe, que necesita o uso das TIC, vaise desenvolver na aula ordinaria. Na actualidade o centro estase a dotar de material multimedia fixo e portátil, suficiente para que os Departamentos Didácticos continúen a súa utilización.

No referente ás actividades e á temporalización, preténdese levar a cabo a actividade baixo o paradigma da investigación – acción, que supón entender a ensinanza como un proceso de investigación, un proceso de continua búsqueda.

Preténdese desenrolar a actividade, integrando a reflexión e o traballo intelectual no análise das experiencias que se realizan, como un elemento esencial do que constitúe a propia actividade educativa, para introducir melloras progresivas.

9.3.1.- Persoal

• *Coordinador/a*

A figura de alguén que coordine e motive o traballo coas TIC resulta obvia e necesaria. O encher de cometido as súas horas de traballo e darlle un certo peso dentro do Centro é bastante doado.

Debe de ter unhas horas de liberación suficientes e variables segundo a organización do Centro e o volumen do seu traballo, pero nunca inferiores a 3 horas semanais.

A persoa que actúe como coordinador/a realizará as seguintes funcións:

- Mantemento de equipos: manter actualizado o parte de avarías para comunicarllo ao técnico de mantemento.
- Preparar actividades xerais e sobre todo motivar e facilitar o traballo de todos os demais membros.
- Estar ao día dos traballos doutros Centros, e promover a realización de actividades no Centro e intercentros.
- Participar en reunións e debates. Asistir a xornadas e Congresos en representación do Centro.
- Intentar facilitar o traballo aos compañeiros, axudando na planificación e preparación das programacións.

• *Persoal para impartir as TIC*

- En Educación Primaria, por norma xeral, será o titor/a o responsable da integración curricular das TIC e da realización das actividades que ésta supoña.
- Unha alternativa a realizar será desdobrar os grupos, traballando cun grupo de alumnos fóra e a outra metade dentro da aula. Para isto aproveitaríase a presenza doutro profesor/a na aula. Pode ser un método que facilite o traballo con grupos pequenos. Posibilidade de traballar aspectos das TIC máis difíciles ou máis específicos: navegación, búsqueda de información, correo, chat, etc.
- Traballo individual ou de grupo na propia aula para realizar traballos concretos, aprendizaxes individuais, reforzos, ampliación de contidos, etc. Para iso tenderase a dotar ás aulas, ben dun ordenador por clase, ou ben de dispositivos móbiles que permitan a utilización colectiva das TIC dentro das aulas.

- Traballo individual ou de pequeno grupo con alumnos con necesidades educativas especiais, realizadas polo profesorado de P.T. ou de Logopedia para traballar aspectos concretos das adaptacións curriculares, reforzos educativos, ou actividades de creación ou de aprendizaxe individualizadas

- Actividades de pequeno grupo nun rincón do ordenador, realizadas pola titora ou polo profesorado de apoio nas aulas de Educación Infantil, buscando a participación activa dos alumnos, a motivación e o traballo interactivo. Poucos alumnos para conseguir unha maior implicación e un mellor control dos medios informáticos. Cada alumno e alumna practica cun ordenador.

- En Educación Secundaria, cada departamento integrará as TIC no currículo da súa materia, tendendo a un aproveitamento óptimo das mesmas na consecución da competencia dixital do alumnado.

9.3.2.- Ordenadores. A súa utilización. Sala de ordenadores.

A situación física dos ordenadores tamén é importante e hai que ter en conta unha serie de factores que poden incidir na sá utilización:

- Por un lado o ter **unha aula de informática** en cada Centro á que acuden todos os alumnos/as desde os 4 anos, obríganos a ter un horario e respectalo; a manter a aula ordenada e ben localizados e clasificados os programas.

- Os **ordenadores da aula de informática e da Biblioteca** de Primaria permiten o traballo individual de investigación ou búsqueda de información de alumnos/as e a utilización dos mesmos por parte do profesorado o das familias. Estes ordenadores son de libre disposición en horario lectivo (cada aula e cada grupo ten asignadas unhas horas semanais de utilización) e fóra do horario lectivo, todas as tardes de 17 a 18 horas.

- Os ordenadores das **salas de profesores** son de libre disposición para o profesorado nas súas actividades de planificación e programación didáctica, titoría ou búsqueda de recursos didácticos.

- Realizarase un esforzo en dotar **dun ordenador por aula** en todas as aulas de Primaria para utilizalo como apoio, reforzo e ampliación dos contidos das diferentes áreas. Teremos que ter traballado previamente ol tema da autonomía e ter os programas moi claramente preparados para que os alumnos os poidan traballar por si mesmos. Sería bo para poder realizar traballos e portadas na propia aula, e para todo o traballo de expresión con alumnos que amosen algunha dificultade.

9.4.- METODOLOXÍA

Acudir co alumnado a unha actividade de informática supón unha preparación e unha planificación. Se estar cos alumnos na aula ordinaria xa supón un esforzo de preparación e de programación, estar á vez cos ordenadores, tamén supón un esforzo que esixe levar todo ben preparado, para evitar problemas innecesarios. Isto esixe unha programación que como todas, sexa flexible, e adaptada aos nosos alumnos, e

susceptible de ser modificada ou mellorada pouco a pouco. Pero aparte desa programación xeral de actividades e contidos, haberá algúns pasos que deberemos considerar:

9.4.1.- Xeral

- Concretar as **ideas xerais** a ter en conta para **intervenir** cos alumnos/as na aula de Informática:

- Facilitar a autonomía nos alumnos para o uso dos ordenadores. No darlles todo feito. Que sexan eles os que o poñen en marcha, entran no programa, saen e apagan o ordenador.

- Potenciar a participación de todos os alumnos, valorando actitudes de respecto, cooperación e integración.

- Inculcar que o emprego educativo do ordenador leva consigo traballo, aprendizaxe, actividade, diversión y esforzo. Non só é xogar.

- Realizar actividades adaptadas aos alumnos, e nas que cada un poida desenvolver a actividade segundo o seu nivel, seus ritmos de aprendizaxe e se é posible as súas aptitudes.

- Fomentar actitudes de coidado do material, coidado dos ordenadores e do mobiliario.

- **Pormenorizar:** onde empezar o uso da informática, como iniciarse no manexo do rato, como introducir o teclado, onde empezar a inculcarlles a autonomía do emprego do ordenador (poñer en marcha, iniciar un programa, pechalo, apagar o ordenador...).

- Iniciaranse no uso do ordenador preferentemente na Educación Infantil, a ser posible que desde os 3 anos se inicien no uso do ordenador con programas adaptados ao seu nivel. Sempre se procurará que no último curso de Educación Infantil todos os alumnos haxan tido contacto co ordenador.

- O teclado e o rato introduciráanse á vez, procurando facelo con programas adaptados para ese fin. O teclado, en Infantil, con programas nos que actúen con poucas teclas, atendendo primordialmente á pulsación controlada; en Primaria, con programas que presentan o teclado completo. O rato, en Infantil, con programas preparados para eso e que plantexan a pulsación en amplas zonas da pantalla.

- A autonomía no emprego do ordenador, dende o Primeiro Ciclo de Primaria, e en especial a partir do Segundo Ciclo, onde serán os propios alumnos os que fagan todas as actividades, ha de ser paulatina de tal xeito que ao final da educación obligatoria sexan capaces de se manexar os ordenadores coma unha ferramenta escolar máis.

- O Procesador de Textos iniciarase como forma de facilitar a expresión e a comunicación a partir de 3º de Primaria, e se atenderá non só a que sirva como medio de expresión, senón tamén a coñecer as posibilidades fundamentais desta

ferramenta informática: Edición (Tipos de letra, color, tamaños, mover ou copiar texto, formato, táboas, insertar imaxes, liñas, bordes...), Impresión (imprimir, tamaño da páxina...) e Mantenimiento (gardar, cargar un documento...)

- Pouco a pouco, potenciarase o intercambio de información entre alumnos de diferentes Centros da nosa Comunidade e con alumnos do resto de España ou doutros países.

- Iniciaranse no uso de Internet como forma de acceder á información no Primeiro Ciclo, mediante actividades dirixidas e moi doadas. Posteriormente, no Segundo e Tercer Ciclo e na ESO procurarase que sexan eles mesmos os que accedan a unha información determinada utilizando buscadores ou a través de actividades guiadas (listas activas, búsquedas, cazas do tesouro ou webquest).

10

PLAN DE CONVIVENCIA anexoI

11

Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial

Entendemos a orientación como un proceso amplo encamiñado a favorecer o desenvolvemento do alumnado como persoas individuais e sociais, o que abarca coñecer os estudantes, a busca de propostas alternativas que favorezan no alumnado a toma de decisións e a axuda para superar as dificultades persoais e escolares.

11.1.- PRINCIPIOS

1. Concibir a educación como desenvolvemento de capacidades: actitudes, autoestima, etc. Para o cal a instrucción é un medio.
2. Atención á diversidade, entendida como un modelo de ensinanza adaptada ó alumnado e que ofrezca respostas diferenciadas segundo as necesidades.
3. O profesor ou profesora debe ser non un mero transmisor de coñecementos, senón un dinamizador e mediador entre os contidos e a estrutura cognitiva do alumnado a partir dunha aprendizaxe cooperativa. Deste xeito o alumnado adquire unha grande variedade de estratexias e procedementos que lle conducirían á formación de comportamentos que favorecerán a súa predisposición a aprender.
4. O alumno debe participar dun xeito activo en tódalas fases do proceso de ensinanza e aprendizaxe.
5. O Plan de acción tutorial debe permitir o seguimento do proceso de ensinanza e aprendizaxe de cada alumno e alumna e facilitar a coherencia educativa.
6. Realizar unha orientación social do alumnado para favorecer a súa integración e participación.

11.2.- OBXECTIVOS

Expresados como funcións do Departamento de Orientación.

11.2.1.- Con respecto ao Centro.

*Elaborar propostas diante do equipo directivo do centro que fomenten a convivencia, integración e participación do alumnado.

*Colaborar, cando sexa necesario, na planificación e execución das actividades propias do centro.

11.2.2.- Con respecto ao Alumnado.

*Proporcionar información sobre as alternativas educativas e profesionais.

*Axudar ó alumnado a superar as dificultades persoais ou escolares que poidan atopar.

*Deseñar e promover programas de orientación académica, de actitudes críticas ante a saúde e consumo, de habilidades sociais, etc.

11.2.3.- Con respecto ao Profesorado.

*Promover os procesos de intercambio de experiencias polo profesorado.

*Coordenar as actividades de orientación e tutoría.

*Asesorar en cuestións organizativas e grupais dos alumnos, con especial importancia ó tratamento da diversidade.

*Asesorar en aspectos de avaliación, recuperación e promoción.

11.2.4.- Con respecto ás Familias.

*Participar na relación titores-familia para a solución dos problemas dos seus fillos e fillas.

*Promover a colaboración dos pais, nais e titorandos.

11.3.- IMPLICACIÓN NA ESTRUCTURA DA ORIENTACIÓN

As principais directrices organizativas do noso centro, en relación á Orientación, serán:

*O departamento de orientación terá reunións cos profesores titores de tódolos grupos e co Xefe de Estudos para propoñer plans de actuación.

*O Centro favorecerá a optatividade e, en caso necesario, a existencia de programas de diversificación curricular, adaptacións curriculares ou outras medidas de reforzo para dar unha adecuada atención á diversidade.

* Para atender á diversidade, o centro, favorecerá a existencia de accións de reforzo e ampliación.

*Asesorarse sobre saídas profesionais e itinerarios académicos.

*Recoller información sobre os intereses, preocupacións e problemas do alumnado mediante diversas actividades.

*Deseñar actividades de acollida para favorecer a integración tanto do novo alumnado como do novo profesorado.

*Participar na posta en práctica de programas de educación para a mellora da calidade de vida.

*Fomentar as reunións do alumnado. Proporcionar aos profesores todo tipo de material que poida necesitar no desenvolvemento da acción tutorial.

*Poñer a disposición dos pais, nais e titorandos os recursos necesarios para a súa participación no proceso educativo.

12

Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

Os Decretos 105/2014 e 86/2015 establecen os currículos da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria respectivamente na Comunidade Autónoma de Galicia. Tal e como se recolle nos mesmos, os centros deben desenvolver e completar o currículo de cada unha destas etapas.

12.1.- Esquema da programación

Ao elaborar as programacións das diferentes materias, débense incluír cando menos, os elementos seguintes:

- a. Contribución da materia ao logro das competencias básicas.
- b. Obxectivos (para cada ciclo de EP e para cada curso de ESO).
- c. Contidos temporizados.
- d. Criterios de avaliación.
- e. Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
- f. Metodoloxía, materiais curriculares e recursos didácticos.
- g. Procedementos e instrumentos de avaliación (ordinaria e extraordinaria).
- h. Sistema de cualificación.
- i. Medidas de atención á diversidade.
- j. Programa de reforzo para recuperación de pendentes de cursos anteriores.
- k. Actividades complementarias e extraescolares.
- l. Tratamento de fomento da lectura e das TIC.

12.2.- Procedemento

A elaboración das programacións será competencia dos coordinadores de ciclo de EP e dos xefes de departamento de ESO.

As programacións deben cumprir co establecido no Decreto 79/2010 do 20 de maio, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Elaboradas as programacións, deberán ser entregadas á Xefatura de Estudos que, unha vez comprobado que todas conteñen os puntos prescritivos, remitirá unha copia ao servizo de inspección educativa.

Tendo en conta que as programacións son documentos de cada un dos departamentos/ciclos, o cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación, senón que todo o profesorado que se incorpore novo ao centro debe adaptarse á programación vixente.

Non é necesario enviar cada curso escolar novas programacións agás que se produzan cambios nas mesmas.

12.3.- Dereitos dos alumnos

En cumprimento do apartado terceiro da Orde do 28 de agosto de 1995, *pola que se regula o procedemento para garantir o dereito do alumnado de ESO e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos* (BOE de 20/09/95), os profesores das distintas materias darán a coñecer ao seu alumnado a información seguinte:

- Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso.
- Os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva.
- Os criterios de cualificación.
- Os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.
- Os sistemas de cualificación.

13
NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
(NOF) anexo II